

Con data 18 de setembro de 2001, ditouse por esta Xerencia Resolución relativa ao pagamento de gastos de locomoción en vehículo particular para os desprazamentos intercampus, de certo persoal que prestaba servizo na Unidade de Rede e Comunicación. Posteriormente foron ditándose resolucións que estendía a aplicación da Resolución a outros servizos con análogas necesidades de utilización de vehículo particular, polo que transcorrido un tempo que demostrou a eficacia da Resolución, vese a conveniencia de ditar outra Resolución que refunda e marque un procedemento que permita estender ou revocar o dereito a percepción dos gastos de locomoción intercampus, que será de aplicación a partir da data da súa sinatura

Existe persoal desta Universidade, que polas características do seu traballo, vese obrigado a realizar desprazamentos entre diferentes Centros dependentes desta Universidade, utilizando o seu vehículo particular, para o seu desprazamento físico, e na maior parte das ocasións, tamén para o transporte de material da universidade, que dificulta a utilización de medios de transporte colectivo, tendo en conta ademais, salvo excepcións, que non existen liñas de autobús que fagan o percorrido directo entre os distintos campus, dándose a circunstancia que ocasionalmente, incluso nos desprazamentos dentro do mesmo campus, a necesidade do movemento de material fai preciso a utilización de vehículos particulares.

Polo exposto RESOLVO: Autorizar a aqueles colectivos de persoal desta Universidade, que se citan no Anexo I desta Resolución, a utilizar o seu vehículo particular. Os gastos que comporta a utilización do automóbil aboaranse a razón de quilómetro percorrido co mesmo importe que se establece para as indemnizacións por razón do servizo. A ditos efectos, fíxase as distancias entre os diferentes campus da Coruña os que figuran como Anexo II desta Resolución.

Os desprazamentos que se vexan obrigados a realizar ao Campus de Ferrol e ó Pazo de Lóngora, dado que están noutros concellos tramitaranse como indemnizacións por razón do servizo ordinarias.

A inclusión no Anexo I desta Resolución necesitará de autorización previa desta Xerencia, autorización, que poderá ser revocada no caso de que varíen as circunstancias que aconsellaron a súa inclusión. Ademais soamente poderá desprazarse entre os centros que figuran no citado anexo.

Queda sen efecto a Resolución de 18 de setembro de 2001, e posteriores referente este tipo de desprazamento intercampus.

A Coruña, 4 de novembro de 2011



Asdo.: M^a. Jesús Grela Barreiro

Anexo I

Persoal que presta os seus servizos en:

Unidade de Rede e Comunicación (Desprazamento entre todos os campus)

Medios Audiovisuais - incluído o fotógrafo (Desprazamento entre todos os campus)


Arquitectura Urbanismo e Equipamentos (Desprazamento entre todos os campus)

Servizo de Prevención de Riscos Laborais (Desprazamento entre todos os campus)

Técnicos de Cultura (Desprazamento entre o campus de Elviña e Riazor)

Técnicos de Deportes (Desprazamento entre o campus de Elviña e a Maestranza)





ANEXO II
Táboa de quilometraxes

	Maestranza	Zapateira	Elviña	Riazor	Oza	R. Laborais	INEF
Maestranza		8	7	3	6	6	10
Zapateira	8		3	8	6	6	7
Elviña	7	3		6	7	6	6
Riazor	3	8	6		9	3	10
Oza	6	6	7	9		7	6
R. Laborais	6	6	6	3	7		8
INEF	10	7	6	10	6	8	

